



actualidade

España, un país con atractivo para investigar

Así o demostran os resultados da terceira convocatoria das bolsas Starting Grants, convocadas polo Consello Europeo de Investigación (ERC), das que se beneficiaron 427 investigadores. Nesta cita participaron 40 países, 27 dos cales pertencen á Unión e outros 13 están asociados ao VII Programa Marco. Dos 427 agraciados, 23 elixiron o noso país para traballar, o que supón un 5,38% do total e sitúa a España como a quinta nación da Unión Europea en capacidade para atraer talentos.

Das 23 bolsas de estudos obtidas, cinco van parar á área de Ciencias da Vida (el 22%), 11 a Física e Enxeñería (48%) e 7 (30%) a Ciencias Sociais e Humanidades. En canto á distribución por comunidades autónomas, Cataluña contará con 9 estudosos, Madrid con 6 e País Vasco con 3. A Comunidade Valenciana, Navarra, Castela e León, Galicia e Andalucía recibirán un beneficiario cada unha delas.

O orzamento para esta terceira convocatoria das bolsas Starting Grants acada a suma de 580 millóns de euros. Cada bolsa pode chegar ata os 2.000.000 de euros, co que os investigadores beneficiados poderán desenvolver as súas ideas innovadoras.

O Consello Europeo de Investigación, creado no ano 2007, ten como cometido o de impulsar a iniciativa científica e apoiar os mellores investigadores de calquera nacionalidade.

[imprimir páxina](#)

máis novas

[A formación en idiomas: actividades no estranxeiro](#)

[Programas Educativos Europeos. Presenza nos centros educativos](#)

[Proposición non de lei que trata de impulsar a educación inclusiva](#)

[Voz Natura é premiada polo seu traballo a favor do medio ambiente](#)

[España, un país con atractivo para investigar](#)

[Pisa 2009: España obtén resultados algo mellores ca en 2006, pero segue por baixo da media](#)

[Santiago de Compostela é durante todo o mes de decembro a sede internacional para o fomento da cultura de paz](#)

[O Espazo Europeo de Educación Superior no curso 2010-2011](#)

[A UNED Sénior abre o seu período de preinscrición para o segundo cuadrimestre](#)

[Convocatoria de accións descentralizadas no marco do programa de aprendizaxe permanente 2011](#)

[O emprego universitario no marco do EEES](#)


[Dez millóns de persoas utilizan o CV Europass para buscar emprego](#)

[O IES Carlos Casares de Viana do Bolo traballará en rede cun centro de León e outro de Asturias](#)

[Tres alumnas do IES Campo de San Alberto, de Noia, entrevistan a Manuel Fraga](#)

[European Job Day 2010 - Xornadas Europeas de Emprego 2010](#)

BOLETÍNS INFORMATIVOS CURSO 2010/2011



O MÁIS VISTO

[Accesibilidade do sitio web](#)

[Plan de acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema](#)

[Eurydice, a rede europea de información sobre educación](#)

[Declaración mundial: Aprender a través do xogo. OMEP 2010](#)

[Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias](#)

[Reinicianse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos](#)

COLABORA COA REVISTA

[Investigación](#)

[Experiencias](#)

[Cartas á directora](#)

[Foro](#)

OUTRAS SECCIÓNS

[Axenda](#)

[EEES - 2010/2011](#)

[Que é](#)

[Mediateca](#)

[Tribuna](#)

[Blogs](#)

[Lexislación](#)

[Hemeroteca](#)

[Créditos da revista](#)



actualidade

Pisa 2009: España obtén resultados algo mellores ca en 2006, pero segue por baixo da media

O pasado día 7 de decembro faciáanse públicos os resultados do Informe Pisa 2009. A proba, que examina as competencias en lectura, matemáticas e ciencias dos alumnos de 15 anos de 65 países, centrábase esta vez, de maneira especial, na comprensión lectora. Neste aspecto, os alumnos españois acadan unha media de 481 puntos, 20 máis ca en 2006. Isto significa que melloramos, pero que aínda estamos 12 puntos por baixo da media da OCDE (493).

Por outro lado, aumentamos algo o noso nivel en competencia matemática, ao pasar de 480 puntos en 2006, a 483 en 2009. Aínda así, estamos a 13 puntos da media dos países desenvolvidos.

En competencia científica, o Informe 2009 reflicte que mantemos a cota acadada na anterior proba, cun total de 488 puntos.

Equidade

Unha vez máis, España é un dos países máis equitativos da OCDE. Isto significa que o contorno socioeconómico e cultural inflúe nos resultados académicos dos alumnos, pero non é determinante, porque os centros educativos exercen unha influencia decisiva. Sinálase, así mesmo, que canto maior é o número de libros que se manexan na casa, máis alta é a puntuación media que obtén o alumno.

A variación entre centros sitúase en España no 19,5%, a segunda menor porcentaxe de toda a OCDE, despois de Finlandia. Polo que atinxe aos resultados que se producen cando se toma como análise o rendemento dos escolares dentro dun mesmo centro, España acadou un 69,8%, algo por riba da media da OCDE (64,5%).

Lectura dixital

No Informe PISA 2009, tamén se tivo en conta o incremento de mozos e mozas que len en formato dixital. Neste sentido, foi seleccionada unha submostra de 2.300 alumnos de 170 centros para realizar una proba de lectura electrónica, o que permitirá comparar o nivel de comprensión lectora dependendo de cada formato. Neste exame tamén participou España, xunto con outros 19 países, pero os resultados non se farán públicos ata xuño de 2011.

Comparativa por comunidades

Se nos situamos en España, os resultados Pisa 2009 sitúan nos últimos postos a Murcia, Andalucía, Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla, con niveis inferiores á media nacional. Castela e León encabeza a lista nos ámbitos matemático e científico e comparte con Madrid o primeiro posto en comprensión lectora, co que se sitúa por riba da media da OCDE.

Entre as que máis soben está Navarra, que ocupa un lugar moi destacado na táboa, co quinto posto en lectura, o segundo en matemáticas e o terceiro en ciencias. Cataluña mellora considerablemente en comprensión lectora (terceira na lista) e, aínda que cae algúns postos en matemáticas e ciencias, está por riba da media nacional.

Polo que atinxe a Galicia, hai que salientar os bos resultados conseguidos en competencia científica (506 puntos), o que a sitúa por riba da OCDE. Nos outros dous ámbitos dá valores máis modestos, pero queda mellor situada que a media española.

Retos de futuro

Expertos en educación coinciden na necesidade de mellorar a formación e a selección do profesorado, reforzar a autonomía dos centros, seleccionar mellor os contidos de aprendizaxe, hoxe excesivamente parcelados, e potenciar unha ensinanza máis práctica e motivadora.

Pola súa parte, o ministerio cre que o elevado número de repetidores lastra, en parte, a recuperación dos resultados, pois o exame fano alumnos de 15 anos, estean ou non no curso que lles corresponde. Concretamente, en España, o 36% dos presentados ás probas eran repetidores, fronte ao 5% de Finlandia (unha vez máis a primeira no *ranking*) e estes alumnos acostuman dar puntuacións moito máis baixas en lectura.

Na liña de mellorar a situación, os máximos responsables do país en materia educativa trazan os retos que pensan afrontar de cara ao futuro:

- Desenvolver medidas que permitan afondar a autonomía dos centros, xa que segundo Pisa é clave para conseguir o éxito escolar. Para conseguilo, establece os contratos-programa, polos que as administracións lles ofrecerán máis recursos a aqueles centros que se esforcen en mellorar o rendemento escolar dos seus alumnos ou para os que se atopan en situación de desvantaxe.
- Impulsar, durante o 2011, un programa de afondamento de coñecementos que permita aumentar o número de persoas con alto rendemento, xa que Pisa reflicte que a porcentaxe de alumnos españois con alto nivel de competencias é inferior ao da media de OCDE.
- Combater o abandono e o fracaso escolar. Con este fin, seguirán impulsando os programas de reforzo, orientación e apoio (PROA). A novidade para este curso é que se amplían a terceiro e cuarto de primaria e a todos os centros sostidos con fondos públicos. Por outra banda, estase a desenvolver o plan específico para a redución do abandono escolar temperán.
- Universalizar a educación entre 0 e 3 anos.
- Manter un forte apoio á lectura, mediante iniciativas, como leer.es, plataforma dende a que se traballa para incrementar o interese da xuventude pola lectura.

Ver Pisa 2009: [PISA 2009 - Informe español](#)

imprimir páxina

máis novas

A formación en idiomas: actividades no estranxeiro

Programas Educativos Europeos. Presenza nos centros educativos

Proposición non de lei que trata de impulsar a educación inclusiva

Voz Natura é premiada polo seu traballo a favor do medio ambiente

España, un país con atractivo para investigar

Pisa 2009: España obtén resultados algo mellores ca en 2006, pero segue por baixo da media

Santiago de Compostela é durante todo o mes de decembro a sede internacional para o fomento da cultura de paz

O Espazo Europeo de Educación Superior no curso 2010-2011

A UNED Sénior abre o seu período de preinscrición para o segundo cuatrimestre

Convocatoria de accións descentralizadas no marco do programa de aprendizaxe permanente 2011

O emprego universitario no marco do EEES

Dez millóns de persoas utilizan o CV Europass para buscar emprego

O IES Carlos Casares de Viana do Bolo traballará en rede cun centro de León e outro de Asturias

Tres alumnas do IES Campo de San Alberto, de Noia, entrevistan a Manuel Fraga

European Job Day 2010 - Xornadas Europeas de Emprego 2010

BOLETÍNS INFORMATIVOS CURSO 2010/2011



O MÁIS VISTO	COLABORA COA REVISTA	OUTRAS SECCIÓNS	
Accesibilidade do sitio web	Investigación	Axenda EEES - 2010/2011	Blogs
Plan de acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema	Experiencias	Que é Mediateca	Lexislación
Eurydice, a rede europea de información sobre educación	Cartas á directora	Tribuna	Hemeroteca
Declaración mundial: Aprender a través do xogo. OMEP 2010	Foro		Créditos da revista
Entrepontes, unha revista escolar para desenvolver competencias			
Reiniciáanse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos			